

Semestral

BOLETÍN

2ª Edición

[Octubre/2024]

O INNOV4LIFE avanza na investigación en saúde dixital!

Volvemos con máis noticias sobre o INNOV4LIFE!

Estamos a desenvolver servizos innovadores para a comunidade; en particular, actividades de Living Lab que inclúen a valoración das necesidades da poboación, a co-creación de tecnoloxías con persoas usuarias finais – especialmente, persoas con demencia -, e a validación desas solucións tecnolóxicas, así como servizos de consultoría especializada. Tamén estamos a realizar avances na investigación sobre saúde dixital e na formación, tanto de profesionais como de persoas usuarias, para facilitar a adopción de novas tecnoloxías.

Ao mesmo tempo, estamos a crear unha sólida rede de axentes interesados, ou *stakeholders*, para impulsar un ecosistema de innovación na Eurorrexión.

Desde o último boletín, publicamos o noso primeiro artigo científico na revista *Frontiers in Medicine*, no cal propoñemos directrices para maximizar o impacto dos Living Labs de saúde dixital centrados na demencia.



En canto ás infraestruturas, o proxecto conta con dous espazos físicos para Living Labs: un no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, onde pronto comezarán as obras, e outro no CIDIFAD da Santa Casa da Misericórdia de Riba d’Ave, en Famalicão, que foi renovado recentemente e xa inclúe áreas especializadas, como unha sala Snoezelen e un simulador de condución.



SCMRA / CIDIFAD



Hospital de Vigo

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

inn4life

Semestral

BOLETÍN

2ª Edición

[Outubro/2024]

O INNOV4LIFE avanza na investigación en saúde dixital!

Tamén iniciamos os servizos de validación, cunha avaliación das prioridades en sanitarias en materia de demencia, mediante un cuestionario dirixido ás partes interesadas da zona. As áreas prioritarias identificadas foron: dispositivos de vixilancia e seguridade, educación e concienciación sobre a demencia, e apoio cognitivo e terapias.

Presentamos dous artigos científicos esenciais para garantir o éxito e a sustentabilidade das iniciativas de Living Lab. O primeiro artigo analiza os facilitadores e barreiras en iniciativas referidas a demencia nos Living Labs, estudando aspectos como a implicación das persoas con demencia, ou os aspectos éticos e legais da materia. O segundo artigo investiga a aceptación das tecnoloxías por parte de persoas con demencia, facendo fincapé na relevancia da utilidade percibida, da facilidade de uso e da influencia social.

Os nosos servizos de consultoría están, así mesmo, en marcha, ofrecendo apoio a entidades do ámbito da saúde dixital, fundamentalmente, nos temas de estratexia empresarial, eficiencia operativa e requisitos tecnolóxicos e normativos.

No campo da formación, estamos avaliando as necesidades do persoal investigador, dos profesionais sanitarios e da cidadanía.

Á súa vez, revisamos a oferta de formación en saúde dixital, co obxectivo de crear novos programas educativos adaptados ás necesidades observadas.

Por último, destacamos a participación de INNOV4LIFE no Interreg Cooperation Day 2024 e no Morning Health Talks, evento organizado polo EIT Health HUB Porto.



Este mes tamén organizamos o primeiro acto transfronteirizo anual do proxecto no Porto, aberto ao público, con sesións de *networking* e *matchmaking* entre *start-ups* e organizacións do ámbito da saúde dixital, que son os potenciais clientes de INNOV4LIFE.

Seguíde ao INNOV4LIFE nas redes sociais!



Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

España – Portugal

inn4life